

ANUNCIO

A Sra. Alcaldesa de Ponteareas, D^a. M^a Cristina Fernández Davila, na resolución número 2021-0885 de data 15 de abril de 2021, acordou a aprobación as "Subvencións municipais ás comunidades de usuarios de augas de consumo do concello de ponteareas para a realización de melloras das instalacións durante o ano 2021" en réxime de concorrència competitiva tal como figuran redactadas a continuación e abrir a convocatoria así como Publicar as mesmas no Taboleiro de anuncios municipal, na páxina web do Concello e no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP de Pontevedra.

Estas axudas rexiranse polas seguintes:

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DE CONSUMO DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A REALIZACIÓN DE MELLORAS DAS INSTALACIONES DURANTE O ANO 2021

ARTIGO 1. OBXECTO E BENEFICIARIOS

1. As subvenciones reguladas por estas bases teñen por obxecto apoiar e promover, en réxime de concorrència competitiva, a concesión de subvencións entre as Comunidades de Usuarios de Augas de Consumo que presten servizos no ámbito municipal do Concello de Ponteareas, que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, e que durante o ano 2021 realicen investimentos nas traídas veciñais das Comunidades de Usuarios de Augas que redunden na mellora do servizo e fomentar o asentamento no rural ademais de dinamizar o asociacionismo veciñal.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrència competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, de acordo co artigo 19.1.

3. Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as comunidades de usuarios de augas que desenvolvan a súa actividade no Concello de Ponteareas, debidamente inscritas no rexistro público correspondente, coa finalidade de mellorar a prestación deste servizo, encadrado como servizo básico municipal na lexislación de réxime local, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

4. Con cargo ás correspondentes dotacións orzamentarias, o obxecto das axudas comprenderá a contratación de obras, adquisición de materiais, man de obra ou equipamentos, asociados a melloras nas seguintes áreas de actuación:



- ✓ Captación de augas (fontes e pozos e o seu entorno).
- ✓ Sistemas de almacenamento e potabilización (depósitos e o seu entorno, filtración, decantación, cloración).
- ✓ Rede de distribución da auga (extensión ou mellora nas redes de distribución).
- ✓ Melloras nas instalacións (conexións eléctricas, sistemas de bombeo, peches e seguridade nas instalacións, etc.)

Específicamente quedan excluídos os gastos derivados de:

- ✓ - Publicidade, cartelería, comunicación.
- ✓ - Elaboración de proxectos, asesoría, xestión ou consultoría.
- ✓ - Medición e control da calidade da auga.
- ✓ -Inscripción no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).
- ✓ - Realización de Protocolo Sanitario.
- ✓ - Cuotas a asociacións.

A comunidade de usuarios de augas solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para o 2021.

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos de proxectos ou accións concretas e individualizadas no ano 2021 e que se definen no apartado 4.

ARTIGO 2. REQUISITOS DOS SOLICITANTES E BENEFICIARIOS

As Comunidades de Usuarios de Augas legalmente autorizadas e constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social, se procede, e co Concello de Ponteareas
- Non estar incluídos en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións., no artigo 13.
- Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade.

ARTIGO 3. FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA

A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 16100/7800200 do orzamentario vixente para 2021 que conta con un orzamento total de 70.000 euros.

ARTIGO 4. CONTÍA E LÍMITES

Os beneficiarios poderán recibir como máximo o 80% do orzamento (IVE incluído) presentado sobre os gastos subvencionables. A subvención máxima de subvención a



recibir será de 18.000 euros por cada Comunidade de Usuarios.

ARTIGO 5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

As comunidades de usuarios de augas que estén interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formulario 1: Impreso oficial de solicitude, que irá acompañado da documentación que nel se indica.
 - Formulario 2: Certificación do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións co Concello e número de usuarios.
 - Formulario 3: Certificación dos datos bancarios da comunidade (selado pola entidade bancaria).
 - Formulario 4: Autorización o concello para consultar si a entidade esta ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, tal como se establece nestas Bases no artigo 2. No caso de que a entidade se opoña a esta consulta, deberá de indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.
 - Formulario 5: Declaración xurada conforme a entidade non está incurso en causas de incompatibilidade para percibir a subvención tal como se establecen nestas bases no artigo 2. e aceptación destas bases no caso de ser beneficiaria, segundo o artigo 12. destas bases.
 - Tal como se establece na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no artigo 53.d. Ademais do resto de dereitos previstos nesta Lei, os interesados nun procedemento teñen o dereito a non presentar datos e documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, que xa se encontren en poder das Administracións Públicas.
- Así mesmo e segundo o artigo 28. 3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

ARTIGO 6. INICIACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As entidades que desexen acollerse aos beneficios desta convocatoria presentarán solicitude dirixida á Alcaldía segundo o formulario 1 coa documentación que nel se indica.
2. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP de Pontevedra a través da Base de Datos Nacional de Subvencións(BDNS). Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.
- 3.Acompañarase declaración das axudas públicas recibidas nos últimos 3 anos superiores a 5.000 euros, así como declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas que financien o investimento que se vai subvencionar e



compromiso de comunicarlle ao Concello de Ponteareas as que obteñan nun futuro, incluída no anexo da presente convocatoria.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello .O Concello poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os modelos de solicitude e os correspondentes anexos, estarán dispoñibles no Concello de Ponteareas e na web; www.ponteareas.gal

ARTIGO 7. SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE

Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 da LPAC, requiríraselle ao interesado que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo sen que a solicitude fose emendada, e previa resolución de acordo co establecido no artigo 68 da LPAC, considerarase desistida.

ARTIGO 8. COMISIÓN TÉCNICA DE AVALIACIÓN

a) A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados neste artigo, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

b) A composición da comisión de valoración será a seguinte:

– Presidencia: A Alcaldesa-Presidente do Concello de Ponteareas, ou concelleira/o en quen delegue.

– Vogais: Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de urbanismo.

Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de Intervención.

Unha persoa funcionaria (con voz e sen voto) que actuará como secretaria da Comisión Avaliadora.

Os membros da Comisión serán designados mediante decreto da Alcaldía.

c) Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado as entidades solicitantes propostas para obter a subvención, e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no punto seguinte. Así mesmo, indícarase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

d) O resto das actuacións subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben coa ampliación dos créditos orzamentarios destinados a esta subvención de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos, poderán



realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

e) A comisión de valoración constituirase na sede do Concello de Ponteareas. O seu funcionamento rexerese polo disposto na Sección 3ª, do capítulo II, do título preliminar da Lei 40/2015, do 10 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público .

f) A Comisión de valoración elevará a proposta de concesión á Alcaldía, quen resolverá.

ARTIGO 9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión Técnica de Avaliación terá en conta os seguintes criterios:

1.—Número de usuarios (billas):

a. Entre 3 e 20 usuarios (5 puntos)

a. Entre 21 e 100 usuarios (10 puntos)

b. Máis de 100 usuarios (13 puntos)

2.—Corresponsabilidade financeira, entendida como unha cota por usuario e ano

a. maior ou igual a 25 euros. (5 puntos)

3.—Cumprir coas obrigas legais de analíticas e cloración. (3 puntos)

4.—Proporcionar auga de consumo a algún equipamento colectivo da parroquia (centro educativo, centro cultural, espazo deportivo,) (3 puntos)

6.—Ter liquidado taxas e impostos municipais nos últimos 2 anos, sen bonificación, por realización de obras na traída de augas (5 puntos)

7.—Uso do galego nas comunicacións a usuarios e documentación escrita. (5 puntos)

8- Non ter percibido axudas do concello de Ponteareas nos 3 últimos anos para financiar investimentos como o que solicita subvencionar nestas bases (30 puntos)

9- Non ter percibido axudas do concello de Ponteareas nos 3 últimos anos que financiasen investimentos como os que se subvencionan nestas bases por importes superiores a 5.000 euros. (5 puntos).

10.—Interese dos investimentos propostos para o seu financiamento. (Ata un máximo de 30 puntos).

- -Incrementar a capacidade das captacións. (12 puntos)
- -lincrementar a capacidade dos depósitos. (12 puntos)
- -Renovación da rede de distribución por deterioro ou escasa capacidade con relación aos veciños. (12 puntos)
- -Instalación de sistemas de potabilización. (5 puntos)
- -Comunidades con problemas pola sequía nos últimos 2 anos. (6 puntos)
- -Outros de interese xeral a criterio da Comisión técnica. (5 puntos)

Adxudicarase a subvención por orde de maior puntuación, co limite do 80% (IVE incluído) do orzamento e 18.000 por comunidade ata esgotar a partida de 70.000 euros.



ARTIGO 10. RESOLUCIÓN, AVALIACIÓN, NOTIFICACIÓN E MODIFICACIÓN

1. O prazo máximo para a resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta convocatoria será de 30 días naturais, contado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. Será causa de denegación de concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada na presente convocatoria.

A Alcaldía, a vista da proposta de resolución definitiva realizada pola Comisión Técnica, resolverá o procedemento.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse prioritariamente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días hábiles desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o Concello de Ponteareas practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

7. Contra a resolución as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular do Concello de Ponteareas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

ARTIGO 11. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

1. O representante da entidade beneficiaria disporá dun prazo de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

Os beneficiarios das subvencións poderán xustificar obras realizadas con anterioridade á resolución da subvención, sempre que foxen executadas durante o ano 2021.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará canta información lle sexa requirida.

ARTIGO 12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán aceptar as seguintes obrigas:



- ✓ Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- ✓ Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- ✓ O Concello de Ponteareas poderá comprobar, cando o considere convinte, a execución dos proxectos subvencionados.

ARTIGO 13. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. Poderanse realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, do 80 %, mediante resolución motivada, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da subvención. Tal como se establece no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro de 2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de 2007, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, 29.01.2009) no artigo 63º. Pagos anticipados, artigos 1 e 2.

-En ningún caso poderanse realizar pagos anticipados a beneficiarios cando teña solicitado a declaración de concurso voluntario, sendo declarados insolventes en calquera procedemento, terse declarado en concurso, salvo que en éste adquirira a eficacia dun convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou sendo inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, sin que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do concurso". Tal como se reflexa na Lei Xeral de Subvencións, no artigo 34.4.

Estas solicitudes de pre pago, serán remitidas para a súa aprobación pola Xunta de Goberno, mediante proposta da Alcaldía, na que se farán constar o reflectido no apartado V punto V.2 da base 45 das bases de execución do orzamento municipal.

O restante da contía da subvención aboarase unha vez que quede correctamente xustificado a execución dos investimentos.

2. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados ata ó 15 de outubro de 2021.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no formulario 3, previa presentación dos formularios 6 e 7, xunto coa documentación que neles se require.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ó 125 % do importe de subvención concedida.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formularios 6 e 7.
- Facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas: nº factura, data de emisión, provedor, CIF, concepto, importe e data de pago.



- Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada.

Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado a correspondente xustificación entenderase que a entidade renuncia á subvención.

ARTIGO 14. REINTEGRO DE SUBVENCIONS

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ó obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ó non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.
- Ó incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os formularios estarán a disposición dos interesados nas dependencias do Concello de Ponteareas.

ARTIGO 15. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos que se deriven delas e das actuacións da Comisión de valoración poderán ser impugnadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, así como pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A alcaldesa en funcións, Cristina Fernández Davila
(Documento asinado electronicamente)



CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS AS COMUNIDADES DE USUARIOS DE TRAÍDAS DE AUGAS . ANO 2021

Formulario nº 1: Solicitud

DATOS SOLICITANTE:

Nome da Comunidade de Augas: _____ CIF: _____

Domicilio: _____ CP: _____ Parroquia : _____

Nome representante: _____ Cargo: _____

NIF representante: _____ Teléfonos _____

Correos electrónicos: _____

Solicita a subvención (cos criterios establecidos nas bases da convocatoria) para o cal presenta a seguinte documentación (sinale cunha "X" os documentos aportados no momento da solicitude):

☒ -Memoria explicativa do investimento a realizar para o que se solicita a axuda, que será asinada polo representante da entidade, na cal se fará constar a data, e que irá acompañada dun esbozo de situación.

☒ -Certificación do nomeamento de representante e número de Socios(formulario normalizado nº 2)

☒ -Certificación Bancaria(formulario normalizado nº 3)

☒ -Autorización para que o concello poida consultar si a entidade esta ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social(Formulario normalizado nº.4). Autorizo Non autorizo

☒ -Declaración xurada conforme a entidade non está incurso en causas de incompatibilidade para percibir a subvención tal como se establecen nestas bases no artigo 2. E aceptación destas bases no caso de ser beneficiaria, segundo o artigo 12. (Formulario normalizado 5)

☒ -Estatutos da Comunidade de Usuarios da Traída de Augas debidamente sellados polo organismo competente.

☒ -Fotocopia do CIF e xustificación de estar legalmente autorizadas e constituídas pola administración correspondente.

☒ -Fotocopia do NIF do representante.-Declaración das axudas públicas recibidas nos últimos 3 anos, así como declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas que financien o investimento que se vai subvencionar e compromiso de comunicarlle ao Concello de Ponteareas as que obteñan nun futuro, incluída no anexo da presente convocatoria.

Orzamento Total _____ Importe Solicitado _____

Ponteareas, _____ de _____ de 2021.

Asdo.: (o representante da entidade)

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS



Documentación, criterios de avaliación(artigo número 9):

1.-Número de usuarios (billas)

- a. Entre 3 e 20 usuarios (5 puntos)
- a. Entre 21 e 100 usuarios (10 puntos)
- b. Máis de 100 usuarios (13 puntos)

2.-Corresponsabilidade financeira, entendida como:

3.-cota por usuario e ano. Corresponsabilidade financeira, entendida como unha cota por usuario e ano. maior ou igual a 25 euros. (5 puntos)

4.-Cumprir coas obrigas legais de analíticas e cloración. (3 puntos)

5. —Proporcionar auga de consumo a algún equipamento colectivo da parrquia (centro educativo, centro cultural, espazo deportivo) (3 puntos)

6.—Ter liquidado taxas e impostos municipais nos últimos 2 anos, sen bonificación, por realización de obras na traída de augas (5 puntos).

7.—Uso do galego nas comunicacións a usuarios e documentación escrita. (5 puntos).

8- Non ter percibido axudas do concello de Ponteareas nos 3 últimos anos para financiar investimentos cómo o que solicita subvencionar nestas bases (30 puntos)

9- Non ter percibido axudas do concello de Ponteareas nos 3 últimos anos que financiasen investimentos como os que se subvencionan nestas bases por importes superiores a 5.000 euros. (5 puntos).

10.—Interese dos investimentos propostos para o seu financiamento. (Ata un máximo de 30 puntos).

- -Incrementar a capacidade das captacións. (12 puntos)
- -Incrementar a capacidade dos depósitos. (12 puntos)
- -Renovación da rede de distribución por deterioro ou escasa capacidade con relación aos veciños. (12 puntos)
- -Instalación de sistemas de potabilización. (5 puntos)
- - Comunidades con problemas pola sequía nos últimos 3 anos. (6 puntos)
- -Outros de interese xeral a criterio da Comisión técnica. (5 puntos)

(As Comunidades de augas que presentaron as solicitudes na anterior convocatoria no é preciso que presenten datos e documentos esixidos neste procedemento.)



CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS AS COMUNIDADES DE USUARIOS DE TRAÍDAS DE AUGAS . ANO 2021

Formulario nº 2:

Certificado do acordo de solicitude, nomeamento de representante e número de socios

En cumprimento das bases da convocatoria,

D./ Dna.

DNI

como Secretario/a da entidade:

co CIF

CERTIFICA:

Que esta entidade acordou en Sesión de _____ de _____ de _____, a solicitude de subvención polas actividades indicadas e así mesmo nomear como representante para as relacións co Concello á seguinte persoa: D. _____ con DNI: _____.

O número de socios desta entidade nesta data é de _____ socios.

Que esta entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas noutras convocatorias, ou renuncia a presentar as xustificacións pendentes.

Para que conste os efectos oportunos, asino a presente en _____ a _____ de _____ de 2021.

Vº e Pr.
O/A Presidente/a.

O/A Secretario/a da entidade.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS



**CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS ÁS
COMUNIDADES DE USUARIOS DE TRAÍDAS DE AUGAS . ANO 2021.
Formulario nº 3: Certificación bancaria**

I. Datos do acreedor:

NIF / CIF										Nome ou razón social									
Domicilio															Provincia				
Código Postal					Teléfono					Correo electrónico									

II. Datos do representante.

NIF / CIF										Nome e Apelidos									

III. Datos bancarios.

A COMPLETAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO:

Certifico, a petición da persoa reflexada en “I Datos do acreedor” e a efectos da domiciliación dos importes que á mesma lle orde a Tesourería do Concello de Ponteareas, a existencia da conta referenciada en “III Alta de datos bancarios”, aberta a nome do titular que se reflexa no citado apartado “I Datos do acreedor”, con IBAN:

E S

En _____, a ____ de _____ de 2021.

POLA ENTIDADE DE CRÉDITO
(Selo da entidade de crédito)

Asdo.: _____



**CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS AS COMUNIDADES DE
USUARIOS DE TRAÍDAS DE AUGAS. ANO 2021****Formulario 4: Autorización****AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE CERTIFICADOS TRIBUTARIOS E DE
SEGURIDADE SOCIAL.**

Nome da Entidade: _____ CIF: _____

Domicilio: _____ CP: _____ Parroquia : _____

Nome representante: _____ Cargo: _____

NIF representante: _____ Teléfonos: _____

Correos electrónicos : _____

Autorizo ao concello de Ponteareas en relación as subvencións convocadas as Comunidades de Usuarios de augas que desenvolven a súa actividade no Concello de Ponteareas para o ano 2021, para consultar si esta entidade esta ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias(AEAT, ATRIGA, Concello) ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. De conformidade ao establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que permite previa autorización o interesado, á cesión dos datos tributarios que precisen as AAPP para o desenvolvemento das súas funcións.

Ponteareas, _____ de _____ de 2021.

Asdo.: (o representante da entidade)

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

**CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS AS COMUNIDADES DE
USUARIOS DE TRAÍDAS DE AUGAS. ANO 2021
Formulario N. 5****DECLARACIÓN XURADA**

D. _____ con DNI: _____

Representante da Entidade _____

con NIF _____.

DECLARO:

Declaro baixo xuramento que esta entidade cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria tal como se establecen nestas bases no artigo 2. das bases das subvencións convocadas as Comunidades de Usuarios de augas que desenvolven a súa actividade no Concello de Ponteareas para o ano 2021.

E acepto expresamente as obrigas referidas no artigo 12. das Bases de Subvencións para as ComuniDades de augas 2021 no caso de ser beneficiario.

Ponteareas, _____ de _____ de 2021.

Asdo.: (o representante da entidade)

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

**CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS
AS COMUNIDADES DE USUARIOS DE TRAÍDAS DE AUGAS . ANO 2021**

Formulario nº 6: Xustificación da subvención

DATOS SOLICITANTE:

Nome da Entidade: _____ CIF: _____

Domicilio: _____ CP: _____ Parroquia : _____

Nome representante: _____ Cargo: _____

NIF representante: _____ Teléfonos: _____

Correos electrónicos :

En cumprimento co establecido polas bases da convocatoria e unha vez concedida a subvención, procédese á aportar os documentos preceptivos xustificantes da mesma, (sinale cunha "X" os documentos aportados para a xustificación):

- Formulario normalizado nº 7.
- Facturas (orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas) e xustificantes de pagamento.
- Conta xustificativa dos gastos detallando as facturas: nº factura, data de emisión, proveedor, CIF, concepto, importe e data de pago.
- Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello.

Ponteareas, _____ de _____ de 2021

Asdo.: (o representante da entidade)



**CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS
ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS DE TRAÍDAS DE AUGAS . ANO 2021**

Formulario nº 7: Certificación para a xustificación das subvencións.

D./ Dna. _____, DNI _____
como Secretario/a da Entidade _____

CERTIFICA:

1.- Que no exercicio de _____ obtivo unha subvención do Concello de Ponteareas por un importe total de: _____ € para _____.

2.- Que para estes mesmos fins obtivéronse, ademáis, as seguintes subvencións ou axudas económicas:

DENOMINACIÓN	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE
		SUMA:

Ningunha outra subvención.

3.- Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

4.- Que se realizaron gastos para _____ por unha contía total de _____.

5.- Que a entidade subvencionada declara que o IVE que expresan as facturas xustificativas non teñen carácter deducible para a entidade, a efectos de consideralo subvencionable.

E para que conste, a efectos de xustificación e cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en _____, a _____ de _____ de 2021.

Vº e Pr.
O/a Presidente/a

O/a Secretario/a da entidade

